



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Telefo: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraides.diaoruna.es

SESION PLENARIA extraordinaria

Día venres 4 de febreiro de 2022,

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 13:36 horas do día venres 4 de febreiro de 2022, a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

ASISTENTES:

ROBERTO REY MARTÍNEZ	79314640Z	PP
MANUEL FERREIRO MARZOA	34893023E	PP
JESUS MIGUEL PRADO CEA	46910475C	PP
M ^a ANGELES ALVAREZ CARRO	76363609K	PP
JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	76329065T	PP
OSCAR BOTANA RUA	44842883J	PP
JUAN CARLOS PORTOS BRA	76368290X	PP
ENRIQUE ASTRAY OTERO	45955540E	PSOE
JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	76363600N	PSOE
AURELIO GAREA PORTOS	79310360N	PSOE
MANUEL MIGUEZ VILLAVARDE	35314415P	BNG

; baixo a Presidencia de ROBERTO REY MARTÍNEZ 79314640Z como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria do Concello Ángela María Viqueira Allo.

ORDE DO DÍA.

1.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE FRADES PARA A ANUALIDADE 2022.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación:

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

ASUNTO: MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL 2022 EXPEDIENTE TEDEC:2022/T004/000001

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL 2022

Os orzamentos municipais deste Concello para o exercicio 2022 configúranse como a previsión de gastos e a estimación dos ingresos previstos para cubrir devanditos gastos.

Trátase duns orzamentos baseados na procura da eficiencia e a eficacia na xestión municipal, pero que teñen en conta a inestable situación actual provocada pola pandemia. Ademais reflicten o compromiso coa estabilidade orzamentaria e coa sustentabilidade financeira e o límite de gasto non financeiro da administración local.

O obxectivo é que este Concello sexa unha administración ben xestionada e solvente, sen endebedamento e que se rexe polo equilibrio orzamentario.

Para iso, os orzamentos do exercicio 2022 caracterízanse por:

1.- Eficiencia



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Telefo: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dia.runa.es

- 2.- Transparencia.
- 3.- Equilibrio nas contas e compromiso de pago a provedores.
- 4.- Estabilidade Orzamentaria.
- 5.- Forte incremento do capítulo de inversións
- 6.- Aumento dos gastos en ben correntes e servizos básicos e obrigatorios en tódolos Concellos.
- 7.- Mantemento dos gastos en servizos á cidadanía comparables á situación prepandemia.

Os Orzamentos para 2022 ascenden a 2.839.727,31 euros en ingresos e en gastos, PRESENTASE NIVELADO, o que supón un aumento dun 15,08% en gastos e en ingresos con respecto aos Orzamentos do 2021, exercicio inmediatamente anterior, tal e como se amosa na seguinte táboa:

COMPARATIVA 2021-2022				
GASTOS				
EC	APLICACIÓNS GASTOS	Créditos Iniciais 2021	Créditos Iniciais 2022	TAXA VARIACIÓN
CAP 1	GASTOS DE PERSOAL	430.353,93	432.732,30	0,55%
CAP 2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	925.011,66	970.023,78	4,87%
CAP 3	GASTOS FINANCEIROS	15.000,00	10.000,00	-33,33%
CAP 4	TRANSF. CORRENTES	237.955,00	155.450,00	-34,67%
CAP 6	INVESTIMENTOS	851.824,87	1.045.605,75	22,75%
CAP 7	TRANSF. DE CAPITAL	7.500	7.450	-0,67%
CAP 9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00	218.465,48	0,00
TOT A L		2.467.645,46	2.839.727,31	15,54 %

CAPÍTULO 1. Con respecto ao gasto de persoal existe correlación entre os créditos do Capítulo I de Gastos de Persoal, incluídos no Orzamento que supoñen un 15,24% do Orzamento, e o Anexo de Persoal desta Entidade Local para este exercicio económico, sendo o seu importe global de 432.732,30 euros. Presenta un aumento do 0,55% con respecto ao Orzamento do exercicio 2021

Consígnanse o posto integro da secretaria intervención, pola posibilidade de nomeamento dun secretario/a a tempo completo.

Consígnanse tamén as retribucións dos traballadores do Programa APROL 2021 que terminan contrato en marzo do 2022.

Consígnanse as indemnizacións fin de contrato dos traballadores a contratar a través dos Programas PEL 2022 e APROL RURAL 2021 e 2022, indemnizacións que non se financian pola Deputación e pola Xunta de Galicia.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

Contemplase o incremento de retribucións do persoal ó servizo do sector público do 2% respecto ás retribucións de decembro do 2021 segundo a Lei 22/2021 de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.

Non se contempla ningún incremento nos soldos tanto do alcalde como do 3º teniente-alcalde, estes soldos mantéñense igual o aprobado no pleno de organización de xullo de 2019.

CAPÍTULO 2. O Capítulo 2 “Gastos en bens correntes e servizos” consígnase por importe de 970.023,78 € e supón o 34,16% do total do orzamento de gastos, e comprende contratos básicos de mantemento do alumeadado público, saneamento e abastecemento de augas, lixo... para dar cobertura a tódolos servizos municipais, mantemento das áreas recreativas e prazas públicas, piscina, punto limpo, limpeza de locais públicos e centros de saúde, desbroce de camiños e a realización de todo tipo de actividades culturais, deportivas, formativas e de conciliación promovidas polo Concello, etc.

Aumenta un 4,87% con respecto ao Orzamento do 2021. Os cambios mais significativos prodúcese no aumento da partida de mantemento de estradas que se compensa cunha redución nos gastos de alumeadado público grazas ós plans de aforro enerxético levados a cabo nos últimos anos.

O total dos créditos orzamentarios consignados por operacións correntes e os gastos derivados do funcionamento dos servizos existentes neste Concello poden considerarse suficientes para atender as obrigacións exixibles á Corporación.

CAPÍTULO 3. Os gastos financeiros recolleitos neste Capítulo refírense ás consignacións de pagos de comisións bancarias por importe de 10.000 euros o cal supón unha redución do 33,33% con respecto ó ano anterior producida basicamente pola negociación das condicións bancarias.

Tamén se inclúen os xuros devengados pola operación de préstamo a longo prazo contratada no 2021 e os custos do aval bancario que esixiu o IDAE para tramitar o anticipo da subvención de aforro enerxético dos alumeados públicos.

CAPÍTULO 4. As transferencias correntes comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes. Os fins aos que están destinadas estas transferencias son culturais e sociais.

Consígnanse créditos no Capítulo 4 , por importe de 155.450,00 € , o que supón o 5,47% do total do orzamento de gastos. Redúcese un 34,67% respecto ao orzamento do exercicio 2021.

Inclúense neste Capítulo fundamentalmente as axudas de emerxencia social, as subvencións en concorrencia competitiva ás entidades sen ánimo de lucro, as subvencións nominativas, as asignacións a grupos políticos, a aportación á Mancomunidade, a aportación do Concello de Fraides ao Obradoiro de Emprego (dotación como aportación ao Concello de Ordes)... A redución do gasto neste capítulo debese principalmente a debido fundamentalmente a previsión de que a aportación á Mancomunidade de Municipios de Ordes neste exercicio se verá reducida notablemente por contar con financiación de outros entes para cubrir os gastos correntes

Consígnase unha partida para Ordenanza de natalidade e para o Bonotaxi.

CAPÍTULO 6. Consignáronse no Estado de Gastos do Orzamento de 2022 investimentos reais por un importe de 1.045.605,75 euros, financiadas con recursos afectados procedentes de subvencións ou transferencias de capital e con recursos propios.

Os créditos orzamentarios para Investimentos Reais supoñen o 36,82% do total do Orzamento. Desta forma, estes créditos experimentan un aumento do 22,75 % respecto ao Orzamento Municipal do exercicio anterior.

Órzase as aportacións municipais das subvencións que se repiten tódolos anos da Xunta de Galicia (Infraestructuras públicas, Turismo, Fondo de compensación Ambiental, plan Hurbe, plan de camiños (PEIM), así como parte do orzamento do IDAE 2020 de aforro enerxético.

Con respecto ao Plan único da Deputación da Coruña , POS + 2022, que entendemos que trata de dar autonomía aos Concellos, e ten como finalidade axilizar a burocracia administrativa, e potenciar a eficiencia na colaboración entre Administracións, aprobáronse as seguintes inversións:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Telefo: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

ACHEGA PROVINCIAL POS+2022:

Obra "Melloras no camiño Currás a Raselo (Gafoi) e outros"..... 78.154,08 euros

Con respecto ao Plan Complementario (POS ADICIONAL) do 2022:

Obra "Melloras no Camiño AC524 a Cheda (Abellá) e outros".....194.000,00 euros

Tódolos investimentos e o seu financiamento figuran recollidos no Anexo de Investimentos 2022.

CAPÍTULO 7. Consignase neste capítulo as transferencias de capital referidas a subvencións para inversións a entidades sen ánimo de lucro.

CAPÍTULO 9. Este capítulo recolle o gasto que realizan as entidades locais destinado a amortización de deudas.

Neste exercicio consignase as seguintes amortizacións:

- Póliza de crédito: 206.380,08

- Préstamo centro sociocultural: 12.085,40

EC	APLICACIÓNS INGRESOS	Previsións iniciais 2021	Previsións iniciais 2022	TAXA VARIACIÓN
CAP 1	IMPOSTOS DIRECTOS	386.018,59	697.484,55	80,69%
CAP 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	54.000,00	60.000,00	1,11%
CAP 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	219.434,50	239.434,50	9,11%
CAP 4	TRANSF. CORRENTES	1.340.347,00	1.074.173,68	-19,86%
CAP 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	500,00	500,00	0,00%
CAP 7	TRANSF. DE CAPITAL	317.345,37	768.134,58	142,05%
CAP 9	PASIVOS FINANCIEROS	150.000,00	0,00	-100%
TOTAL		2.467.645,46	2.839.727,31	15,08%

CAPÍTULO 1. Os impostos directos comprenden o Imposto de Bens Inmóveis, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Os ingresos que proveñen destes impostos directos ascenden a 697.484,55 €

23.787,23 euros	IBI RÚSTICA
503.312,75 euros	IBI URBANA
150.384,57 euros	IMPUESTO DE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA
20.000 euros	IAE

Faise a previsión de ingresos tendo en conta as Ordenanzas vixentes, estas quedan 1 ano mais conxeladas, sen ningún tipo de incremento dos tipos impositivos; así como os datos do padrón de contribuíntes aprobado á data de hoxe correspondente ao 2022 e as previsibles altas,



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

operantes nas dependencias municipais, e o previsto e recadado no ano 2020 (datos da última liquidación do Orzamento aprobada).

Aumenta este capítulo un 80,69% en relación co ano 2021 debido a que se están aplicando os cambios de valoración catastral por mor da aprobación do PXOM (Plan de ordenación Municipal) no 2018.

Con respecto ao IBI rústico, siguese aplicando as bonificacións do 95% da cota íntegra do IBI por declaración de especial interese ou utilidade municipal de inmobles nos que se desenrolen, total e exclusivamente, actividades agrarias, gandeiras pertencentes ao sector primario, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, que xustifican tal declaración,

CAPÍTULO 2. Os ingresos que proveñen dos impostos indirectos e en concreto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras ascende a 60.000,00 euros representando un 2,11% do orzamento e preveendo un lixeiro ascenso do ingreso que con respecto ao Orzamento Municipal do exercicio anterior. Estímase novas construcións no exercicio 2022 pola aprobación definitiva do PXOM que permite a edificacións de novas vivendas nos novos núcleos rurais delimitados e tamén novas construcións agrarias pola posta en marcha dos plan de mellora das explotacións gandeiras.

CAPÍTULO 3. Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, ascende a 239.434,50 euros, o que supón un aumento do 9,11 % respecto ao Orzamento Municipal do exercicio anterior.

Mantense a redución aplicada no ano 2021 os recibos do lixo a consecuencia de trasladar os contribuintes a rebaixa do prezo por tonelada que aprobou a Xunta de Galicia aos concellos que cumpren coa protección do medioambiente, reducindo residuos e fomentado a reciclaxe.

CAPÍTULO 4. Os ingresos previstos por transferencias correntes ascenden á contía de 1.074.173,68 €, e representan un 37,82% do Orzamento de Ingresos 2022.

Supoñen un descenso de 19,86% principalmente debido ós menores ingresos previsto de POS+2022 no referido a gasto corrente e amortización de préstamo así como POS+ADICIONAL para gasto social.

Desglósanse do seguinte xeito:

- 1.-Participación en tributos Estado 482.211,99€
- 2.-Participación en tributos da CCAA 207.421,39€

3. Subvencións da Xunta:

- Subvencións en materia de Convenios subscritos: 42.000,00 euros
 - 13.000,00 Prev. Incendios
 - 29.000,00 Brigada Incendios

Outras transferencias incondicionais: 64.931,61 euros. Englóbanse as subvencións recibidas tódolos anos para Axente de Emprego Local, Xulgado de Paz, Conciliación, Red Natura, Aprot Rural

4. Deputación:

- Técnico deportivo 9.600€
- Actividades culturais (rede cultural) 14.386,13€
- Socorrista 10.000,00 €
- POS+2022 para gasto corrente 161.138,64 está destinado a financiar os gastos dos servizos básicos deste concello: alumeado público, lixo, Accesos a núcleos de poboación.
- POS Adicional 2022 para gastos sociais 56.398,52

5. De empresas privadas: 14.000 € de ERIMSA.

CAPÍTULO 5. Os ingresos patrimoniais proveñen de xuros de depósitos, que ascenden a 500 euros e constitúen un 0,04% do orzamento municipal. Isto suporá a mesma contía que a consignada no Orzamento do exercicio anterior.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

CAPÍTULO 7. O Capítulo VII de Transferencias de Capital do Orzamento de Ingresos calculouse en base ás subvencións solicitadas, as que se prevén concédanse, ou no seu caso concedidas polas Entidades Públicas e Privadas [órgano competente provincial, da Comunidade Autónoma e/ou Administración do Estado], ascendendo a 768.134,58€ que constitúen un 27,04% do orzamento municipal.

<input type="checkbox"/>	Pos + 2022 inversión.....	78.154,08€
<input type="checkbox"/>	Pos Complementario 2022....	194.000,00€
<input type="checkbox"/>	AGADER	61.904,00 €
<input type="checkbox"/>	IDAE.....	413.869,35 €

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o Proxecto do Orzamento Xeral e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2022, cuxo importe ascende a 2.839.727,31, no Estado de Ingresos e á 2.839.727,31 euros no Estado de Ingresos, presentándose nivelado, acompañado desta Memoria.>>

INTERVENCIÓNS

O Sr. Alcalde procede a dar lectura á proposta.

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Manuel Ferriero Marzoa, procede a dar explicación sobre cada un dos capítulos do Orzamento Xeral da anualidade 2022 facendo especial mención aos traballadores do concello, os cales aínda contando con escasos medios tanto materiais como persoais fan un gran esforzo en atención a elaborar este expediente administrativo.

Indica que se advirte no orzamento incremento no capítulo 1 en atención á contratacións de persoal e tamén polo que respecta ao capítulo 2 respecto á mellora de infraestruturas viarias, protexer e comprometerse co sector primaria, así coma co cambio climático. Mellorar instalacións públicas tales como os centros de saúde. E todo isto sen necesidade de incrementar as taxas e os impostos municipais e soportando a baixada de ingresos da Deputación Provincial e a falta de abono de subvencións pendentes da administración xeral do Estado (Idae).

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do Psde G-PSOE, don Enrique Astray Otero, replica á explicación dada polo concelleiro do PP indicando que non se suben os impostos se ben o tipo de gravamen do IBI urbana non se atopa na súa contía mínima 0,4 senón 0,45 o cal non se explica dada a situación na que se encontra a sociedade derivada da pandemia. Indica que hai partidas nas que comparten á exposición se ben noutras os criterios son ben distintos.

O Sr. Alcalde responde al concelleiros polo que respecta ao tipo de gravamen é unha cuestión anterior nada ten que ver con este expediente e ben xerado pola modificación do pxom que provocou a recalificación de determinadas fincas como urbanas.

O concelleiro-voceiro do BNG, don Manuel Miguez Villaverde, pon de manifesto a tardanza na aprobación do expediente e insistir en que a diferencia do que manifesta o concelleiro do PP os veciños están a soportar mais ingresos. Ponde manifesto que as partidas de xeito individual poderían ser obxecto de mais criticas.

O sr alcalde indica que non se advirte tardanza na tramitación do expediente tendo en conta os medios persoais cos que conta o concello cunha secretaria acumulada e indicar tamén que os ingresos varían tamén moito.

VOTACIÓN

Votos a favor:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

7 PP
0 PSOE
0 BNG
Votos en contra:
0 PP
0 PSOE
0 BNG
Abstenciones:
0 PP
3 PSOE
1 BNG

O pleno por maioría dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

1º.- Aprobado inicialmente o **orçamento municipal para o exercicio 2022**.

2.- Aprobado as Bases de execución do orçamento municipal e os seus anexos, así como o cadro de persoal e a relación de postos de traballo, conforme o anexo de persoal.

3.- Que este acordo inicial sexa elevado a definitivo automaticamente de non producirse reclamacións durante o prazo de exposición pública, por quince días hábiles, previo anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 15:02 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde- Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

2.- APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022"

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación:

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

ASUNTO: Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"

EXPEDIENTE TEDEC

Logo de ver as BASES REGULADORAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) " POS+ 2022 " (BOP núm. 228, 30,11,2021).

Propoño ao concello en Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022", "achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

Deputación



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fades.diaruna.es

Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	161.138,64
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00
Subtotal gasto corrente	161.138,64

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2022					

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Melloras no Camiño Currás a Raselo (Gafoi) e outros	78.154,08	0,00		0,00	78.154,08
Subtotal investimentos achega provincial 2021	78.154,08	0,00		0,00	78.154,08

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
BANCO SANTANDER	12.085,40 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	12.085,40 €

D Resumo:

	Concello
--	-----------------



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Telefo: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	161.138,64	0,00		0,00	161.138,64
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022					
	Achega 2021	78.154,08	0,00		0,00	78.154,08
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	12.085,40	0,00		0,00	12.085,40
	Achega 2022					
	Achega 2021					
	Préstamo 2022					
	TOTAL	251.378,12	0,00		0,00	251.378,12

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
Melloras no Camiño de AC524 a Cheda (Abellá) e outros	194.000,00	0,00	194.000,00
TOTAIS	194.000,00	0,00	194.000,00

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

INTERVENCIÓNS

O Sr. Alcalde procede a realizar un resumo da proposta comparando o plan deste ano cas anteriores anualidades onde se advirte unha considerable rebaixa indicando que as rebaixas irán destinadas a subvencións nominativas a concellos afíns ao cor político da deputación, non sendo este o caso de Frades.

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Manuel Ferriero Marzoa, recalca a direnza de contía con outras anualidades.

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do Psde G-PSOE, don Enrique Astray Otero, indica que o plan non é como empeza senón como acaba posto que soe incrementarse. Dicitur que os concellos do psde reciben mais axudas é faltar a verdade posto que as bases deste plan veñen de 1990, momentos nos que gobernaba o PP. Espera que se teña a mesma actitude crítica cos criterios da xunta para a concesión de subvencións. Polo que respecta ás obras seleccionadas non se comparten moito os criterios para a elección das mesmas posto que se considera que tamén hai outras obras prioritarias.

O concelleiro-voceiro do BNG, don Manuel Miguez Villaverde, entende que as obras son seleccionadas en función do desgaste dos camiños debido á maquinaria que transcorre por eles provocando o seu destrozo. A misión de todos os concelleiros é conseguir cartos para o noso concelleiro. O que se di na deputación e que emprazan ao concello a comparar os cartos dados durante esta etapa de 4 anos cos cartos dados durante a gobernanza do PP, porque os datos son mellores.

O concelleiro do PSdeG-PSOE, don Aurelio Garea Portos, indica que o concello de Frades non sale mal prado polo que respecta as subvencións concedidas pola deputación en comparación co goberno do PP na mesma entidade. Quere deixar claro que a oposición é a primeira interesada en que o concello reciba cartos aos efectos da realización de todo tipo de inversións.

O Sr. Alcalde indica que a comparación non leva a ningún lado, o que hai que comparar son as inversións que se realizan en uns e outros concellos e así pon de manifesto as inversións realizadas en concellos limítrofes a Frades, preguntando á oposición si pediron algo para este concello?

O concelleiro do PSdeG-PSOE, don Aurelio Garea Portos, replica que non lle parece correcto que poña en dúbida a actuación da oposición para o concello. Así indica que no 2013, 2013 era necesario un centro de día para o concello e agora non se quere.

O Sr. Alcalde indica que non resulta viable en tanto que non existe demanda.

O concelleiro-voceiro do BNG, don Manuel Miguez Villaverde, defende o centro de día se ben pode que esté equivocado pero considera que resulta necesario.

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP
0 PSOE
0 BNG

Votos en contra:

0 PP
 0 PSOE
 0 BNG
 Abstenciones:
 0 PP
 3 PSOE
 1 BNG

O pleno por maioría dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

“Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022.

3.- APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2022 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación:

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

ASUNTO: APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2022 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

EXPEDIENTE TEDEC:2022/A008/000007

Logo de ver as BASES REGULADORAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “ POS+ADICIONAL 2022 GASTOS SOCIAIS” (BOP núm. 228, 30,11,2021).

Propoño ao concello en Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2022” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022

56.398,52

Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios

56.398,52

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)

<p>a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.</p>	0,00	0,00	0,00 €
<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>	3.000,00	0,00	3.000,00 €
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	48.398,52	0,00	48.398,52 €
<p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>	0,00	0,00	0,00 €
<p>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</p>	0,00	0,00	0,00 €
<p>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</p>	0,00	0,00	0,00 €
<p>g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</p>	5.000,00	0,00	5.000,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	56.398,52 €	0,00 €	0,00 €

h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	0,00	0,00	0,00 €
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc). A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	0,00	0,00	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	56.398,52 €	0,00 €	56.398,52 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

INTERVENCIÓNS

O Sr alcalde indica que hai unha redución na cantidade do 50%.

O concelleiro-voceiro do grupo municipal do PsdeG-PSOE, don Enrique Astray Otero, indica que todo o que sexa para servizos sociais está ben.

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP
0 PSOE
0 BNG

Votos en contra:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

Abstenciones:

0 PP
3 PSOE
1 BNG

O pleno por maioría dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ Adicional 1/2022**" da **Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais

4.- DITAME DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL 2020.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, cuxa proposta se inclúe íntegra a continuación:

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

ASUNTO: APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2020
EXPEDIENTE TEDEC:2022/T017/000001

PROPOSTA DA ALCADÍA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2020

Considerando que o Titular da Intervención Municipal de fondos procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2020, xuntamente con toda a súa documentación anexa ao mesmo. Considerando finalizados os devanditos traballos e obtida a documentación correspondente, a Intervención municipal procedeu a emitir en data 5 de xaneiro de 2022 os correspondentes informes en relación á aprobación da Conta Xeral.

Considerando que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas do Concello en sesión celebrada en data 7 de xaneiro de 2022 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2020.

Considerando que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de data 11 de xaneiro de 2022 a Conta Xeral foi obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Considerando que de conformidade co contido da certificación librada pola Secretaria Xeral da Corporación, durante o prazo de exposición ao público da devandita Conta non se presentou ningunha alegación.

En base a todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación, o seguinte, ACORDO

PRIMEIRO.- Informar favorablemente a Conta Xeral 2020.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda

Roberto Rey Martínez - Alcalde Presidente

INTERVENCIÓNS

Non hai intervencións

VOTACIÓN

Votos a favor:

7 PP
0 PSOE
0 BNG

Votos en contra:

0 PP
0 PSOE
0 BNG

Abstenciones:

0 PP
3 PSOE
1 BNG

O pleno por maioría dos concelleiros presentes adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente a **Conta Xeral 2020**.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 15:02 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo. Ángela María Viqueira Allo.